

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 14 DE DECEMBRO DE 2017,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo se aproba o texto do Proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 42/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de axencias de viaxes, guías de turismo e turismo activo, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do acordo marco de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia, RENFE Viajeros sociedad mercantil estatal, S.A, e o Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico (INORDE), por importe de cincocentos corenta mil euros (540.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos do 60%, nas subvencións derivadas da Resolución pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de proxectos de atención social integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual, preferentemente inmigrantes, e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciada polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018, por un importe de catrocentos oitenta e catro mil douscentos setenta e nove euros (484.279,00€).

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e Telefónica de España, S.A.U. para o desenvolvemento da iniciativa "Galicia Open Future: Retos Industria 4.0", cun importe total de cincocentos setenta mil euros (570.000€).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se autoriza a aprobación inicial do Plan básico autonómico.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia e a asociación Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños-CEMMA, para a asistencia, recuperación e estudo dos réptiles (tartarugas) e mamíferos mariños varados no litoral da Comunidade Autónoma de Galicia, por un importe total de oitenta mil euros (80.000,00€).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se autorizan os compromisos de gastos plurianuais derivados da Orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Programa do bono de alugueiro social do Plan RehaVIta: Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora de acceso á vivenda 2015 – 2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello da Veiga para a mellora do firme na estrada A Veiga–Seoane, 1º fase, por un importe total de douscentos setenta e dous mil cincocentos trinta e un euros con trinta e un céntimos (272.531,31€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Vilamarín para garantir a seguridade viaria na travesía e núcleo de Porto Amieiro na OU-901, por un importe total de cento noventa e oito mil novecentos vinte euros con noventa e oito céntimos (198.920,98€).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña (UDC), Santiago de Compostela (USC) e Vigo (UVIGO) para o financiamento de agrupacións estratéxicas de investigación, por un importe total de seiscentos vinte e catro mil novecentos noventa e nove euros (624.999,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 8 de xuño de 2017 entre o Parlamento de Galicia, a

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela, por importe de corenta e nove mil cento trinta e tres euros con doce céntimos (49.133,12€) para continuar os traballos do Portal Xurídico Galego e da Base de datos de lexislación galega consolidada.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Instituto de Saúde Carlos III para a realización en Galicia dun estudo sobre epidemioloxía molecular da infección do VIH, por un importe de vinte e tres mil cincocentos euros (23.500,00€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social a adquirir compromisos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e a exención das garantías ao abeiro do artigo 72.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da axuda económica, a través da tarxeta benvida, para as familias con fillas e fillos nados no ano 2018, e se procede á súa convocatoria. Importe total: trinta e cinco millóns novecientos cincuenta e sete mil cincocentos setenta e seis euros (35.957.576,00€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre as bases reguladoras para a promoción do emprego autónomo e as axudas ás persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida de persoas asalariadas; convocatoria para 2018.

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Informe ao Consello da Xunta sobre a convocatoria do Leader 2018-2019.

A XUNTA DE GALICIA ACTUALIZA O SEU DECRETO EN MATERIA DE AXENCIAS DE VIAXES PARA ADAPTALO AO MARCO EUROPEO

- *O Consello da Xunta autoriza a modificación dun artigo do Decreto 42/2001 de refundición en materia de axencias de viaxes, guías de turismo e turismo activo segundo o acordado entre as comunidades autónomas e o Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital*
- *Con este cambio, as empresas organizadoras e as retallistas de viaxes combinadas deberán constituír unha garantía para os usuarios coa que responder a supostos de posibles quebras ou insolvencias*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a modificación dun artigo do decreto de refundición en materia de axencias de viaxes, guías de turismo e turismo activo co obxectivo de adaptalo ao marco europeo. A modificación refírese ao artigo 16 do Decreto 42/2001, no referente ás garantías que deben constituír as empresas organizadoras ou retallistas de viaxes combinadas para os usuarios.

A modificación deste decreto supón a actualización da normativa autonómica á normativa comunitaria, froito do borrador acordado en 2016 entre as diferentes comunidades autónomas e o Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.

A garantía derivada desta modificación proporcionará así máis protección ás persoas usuarias fronte á quebra ou insolvencia das empresas organizadoras e as retallistas de viaxe combinadas, que deberán constituír a dita garantía con carácter previo ao exercicio da súa actividade e mantela de xeito permanente.

Esta garantía permitirá responder ao incumprimento das obrigas derivadas da prestación dos servizos contratados e ao reembolso efectivo dos pagamentos realizados polos viaxeiros na medida en que estes non se prestasen.

O decreto foi sometido ao preceptivo informe do Consello do Turismo de Galicia, así como á consulta das organizacións máis representativas do sector e ao informe do Consello Galego de Consumidores e Usuarios. A súa entrada en vigor será o día seguinte as da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

TURISMO DE GALICIA RENOVA O COMPROMISO CON RENFE E O INORDE PARA REEDITAR O ÉXITO DOS TRENS TURÍSTICOS

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición do acordo marco de colaboración que garante a posta en marcha deste produto turístico que na súa última edición rexistrou unha ocupación superior ao 86%*
- *Esta iniciativa acadou unha moi alta valoración por parte dos usuarios participantes, dos que máis do 97% recomendarían esta experiencia*
- *Incluiranse, ademais, diferentes actividades que afondarán no uso turístico do ferrocarril como medio de transporte sustentable*
- *Todas estas propostas conforman unha oferta turística de alta calidade, aliñándose coa Estratexia do turismo de Galicia 2020*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición do acordo de colaboración entre Turismo de Galicia, Renfe e o Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico (Inorde) que permitirá reeditar o éxito dos *Trens Turísticos de Galicia*, un dos produtos turísticos que está a permitir ampliar a tradicional tempada alta en Galicia e está a ter unha alta valoración polos usuarios.

O acordo permitirá afondar no uso turístico do ferrocarril como medio de transporte sustentable renovando a celebración dos *Trens turísticos de Galicia* que permiten coñecer a Comunidade a través de 11 itinerarios entre os meses de xuño a outubro e que este ano, na súa quinta edición, acadaron una ocupación superior ao 86%, con máis de 2.100 participantes.

Trátase dun produto turístico que recibe, ademais, unha moi alta valoración por parte dos usuarios, con 8,7 puntos fronte aos 8,4 puntos do ano pasado e onde o 97,7% dos usuarios recomendarían esta experiencia.

De interese no mercado internacional

Ademais dos viaxeiros españois, participaron tamén viaxeiros de oito países europeos (Italia, Bélxica, Alemaña, Francia, Finlandia, Portugal, Reino Unido e Polonia), de dous países asiáticos (Xapón e China), dun país africano (Sudáfrica) e de seis americanos (EEUU, Venezuela, Costa Rica, Arxentina, Perú e Brasil).

Estes itinerarios afondan no coñecemento das catro provincias poñendo en valor os recursos diferenciais de Galicia, entre os que destacan os faros, os pazos e xardíns históricos, a lamprea e as singulares técnicas para a súa captura, así como o termalismo ou o potencial turístico das cinco denominacións de orixe vitivinícolas e a súa contorna.

Ao abeiro deste acordo tamén se inclúe a renovación da nova posta en marcha do bono *Galicia Rail Pass* que lles facilita, a peregrinos e turistas, viaxes ilimitadas en tren asociadas a produtos de valor engadido como entradas a museos e lugares de interese. Renfe tamén volverá incluír na súa programación de *Trens Turísticos* as saídas do *Tren Peregrino*, que permite empregar o tren como hotel e realizar durante o día as etapas do Camiño de Santiago necesarias para obter a *Compostela*.

Ademais destas iniciativas, as tres partes poderán colaborar na organización doutros produtos turísticos elixidos de mutuo acordo, promocionando os recursos culturais ou gastronómicos da oferta turística galega.

O acordo marco entre Turismo de Galicia, Renfe e o Inorde inclúe propostas que conforman unha oferta turística de alta calidade, tranquila e sustentable, os tres adxectivos que mellor definen a Estratexia do turismo de Galicia 2020, a folla de ruta presentada este ano coa que a Xunta de Galicia e o sector traballan neste eido e que está a dar resultados moi positivos.

A XUNTA DESTINA PRETO DE 485.000 EUROS A IMPULSAR A ATENCIÓN SOCIAL INTEGRAL DAS VÍTIMAS DE TRATA

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a convocatoria de axudas para 2018, das que se poderán beneficiar entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a convocatoria de subvencións para financiar en 2018 proxectos de atención social integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual, preferentemente inmigrantes, e a vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual ou laboral.

O orzamento para o próximo ano ascende a preto de 485.000 euros, cofinanciados polo Fondo Social Europeo.

A convocatoria vai dirixida a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que presenten proxectos de atención integral. Nestes, deben incluírse accións como atención inicial nos chamamentos realizados polas autoridades xudiciais, fiscais e policiais para a atención inmediata das vítimas de trata de seres humanos; asesoramento social e actuacións de apoio directo; atención psicolóxica; asesoramento xurídico; orientación e asesoramento laboral; e atención e asesoramento en traballo de rúa a vítimas de trata de seres humanos.

O importe máximo de cada axuda será de 70.000 euros e priorizaranse as solicitudes que inclúan a posibilidade de acollemento residencial temporal. Tamén se terá en conta a experiencia da entidade, o carácter integral do programa ou a coordinación das entidades con outros servizos de atención.

Na convocatoria anterior resultaron beneficiaras 9 entidades, cuxa axuda chegou a unhas 520 vítimas de trata.

Estas axudas inscríbense no compromiso da Xunta por ofrecer a mellor atención posible ás vítimas de trata. De feito, a Lei 11/2007 de prevención e tratamento da violencia de xénero, xa recolle no seu artigo 3 a trata con fins de explotación sexual como unha forma de violencia de xénero.

Ademais, Galicia foi pioneira a nivel autonómico na loita contra esta lacra coa sinatura en xaneiro de 2010 do protocolo -actualizado en 2012- entre a Fiscalía Superior de Galicia e a Xunta para a adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítimas de trata.

A XUNTA E TELEFÓNICA ABRIRÁN EN 2018 UNHA NOVA EDICIÓN DE GALICIA OPEN FUTURE PARA IMPULSAR O EMPRENDEMENTO NO ÁMBITO DA INDUSTRIA 4.0

- *Emprendedores e startups presentarán iniciativas innovadoras para resolver seis retos en base a necesidades concretas formuladas por empresas ou institucións*
- *Seleccionarase catro finalistas por reto, que terán acceso a un programa personalizado de mentoring e a un patrocinio de 10.000 euros*
- *A solución gañadora accederá a unha axuda de 20.000 euros para implantar o piloto da súa proposta na empresa tractora*
- *A Administración autonómica e o operador investirán preto de 1 millón de euros nesta iniciativa, enmarcada no Pacto dixital de Galicia*

A Xunta e Telefónica porán en marcha en 2018 “Galicia Open Future: edición retos Industria 4.0”, un programa de apoio ao emprendemento no que os participantes deberán propoñer solucións a seis retos no ámbito da Industria 4.0, formulados por empresas tractoras. O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a sinatura do convenio entre a Administración autonómica e o operador, que contará cun investimento total de preto dun millón de euros ata 2019, dos cales a Xunta achegará 570.000 euros e Telefónica 425.000 euros.

“Galicia Open Future: edición retos Industria 4.0” lanzará diferentes convocatorias para cada un dos retos con base nas propostas definidas polas empresas, que serán seleccionadas previamente por Telefónica e a Xunta, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e a Consellería de Economía Emprego e Industria, a través da Agencia Galega de Innovación (GAIN) e o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e XesGalicia.

Admitiranse ata dez ideas por reto, cuxos promotores terán a oportunidade de coñecer en profundidade a problemática e as necesidades formuladas polas empresas durante tres xornadas de traballo intensivas. Os gastos de desprazamento derivados destas xornadas serán sufragados polo IGAPE. Tras este período, os emprendedores e *startups* presentarán os seus proxectos definitivos, dos cales se seleccionarán catro finalistas.

Aceleración, axudas e premios

As catro iniciativas seleccionadas contarán co apoio financeiro de GAIN -10.000 euros cada unha- e terán acceso a un programa personalizado de aceleración con sesións de *mentoring* e *coaching* especializado, acceso a un espazo de crowdworking na Cidade da Cultura e á plataforma en liña de Galicia Open Future. O mellor proxecto do programa de aceleración recibirá unha axuda de 10.000 euros da Amtega.

O proxecto gañador de cada reto recibirá un premio de 20.000 euros a través de GAIN, para implantar un piloto da súa solución coa empresa que propuxo o reto. Ademais, poderá acceder a un préstamo reembolsable de XesGalicia de ata 100.000 euros polo investimento realizado na posta en marcha do piloto. Os outros tres proxectos finalistas, sempre que estean constituídos como empresa, poderán optar a un préstamo reembolsable por un máximo de 50.000 euros.

Galicia Open Future

A iniciativa Galicia Open Future naceu dentro do compromiso de Telefónica como asinante do Pacto dixital de Galicia, subscrito polo operador xunto con outras 12 empresas tecnolóxicas coa Xunta para impulsar o desenvolvemento tecnolóxico da Comunidade. Tras tres edicións, nas cales participaron 150 iniciativas emprendedoras, Galicia Open Future inicia unha nova etapa para impulsar o emprendemento no ámbito da Industria 4.0.

Con esta nova edición do GOF consolídase o polo tecnolóxico da Cidade da Cultura, onde está a sede da Amtega e outras das iniciativas do Pacto dixital, o Centro de Innovación social Dixital Vodafone Connecting for Good Galicia e o Centro de Excelencia en Intelixencia de Negocio de DXC.

A XUNTA APROBA INICIALMENTE O PLAN BÁSICO AUTONÓMICO QUE SERÁ REFERENCIA PARA OS PLANS MUNICIPAIS DE MENOS DE 5.000 HABITANTES

- *O Plan básico autonómico vén completar o novo marco urbanístico co que o Goberno galego quere impulsar unha ordenación responsable e sustentable do territorio*
- *Substituirá ás normas complementarias e subsidiarias de planeamento provinciais aprobadas no ano 1991, que ata ese momento estarán en vigor*
- *Identificará a totalidade dos asentamentos de poboación existentes en Galicia, un total de 33.000 en toda a Comunidade.*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou a aprobación inicial do Plan básico autonómico (PBA), polo que nas vindeiras semanas a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio iniciará o período de información pública.

Tras pasar pola súa validación ambiental, someterase agora a información pública durante un prazo de dous meses, de xeito que se garanta unha participación real e efectiva de toda a cidadanía no seu procedemento de elaboración. Así mesmo, solicitaranlles os informes sectoriais preceptivos, así como o informe determinante a todos os concellos de Galicia.

Unha vez que conclúa esta fase, elaborase a proposta final do PBA que será aprobado definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia, logo de informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia. A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio traballa para acadar que esta aprobación definitiva do Plan básico autonómico sexa a mediados do ano 2018.

Desde o Goberno galego deféndese que estas novas ferramentas de ordenación urbanística responden a tres grandes obxectivos: ningún concello sen plan xeral; o desenvolvemento ordenado e sustentable do noso medio rural para posibilitar a súa posta en valor e a protección da paisaxe.

Un esforzo que desde 2009 se leva facendo e que acadou un fito importante o pasado ano, coa entrada en vigor da Lei do solo e, seis meses despois, a aprobación do seu propio regulamento, que cumpre xusto agora un ano da súa entrada en vigor.

Obxecto e ámbito de aplicación

O Plan Básico Autonómico é unha ferramenta indispensable que reflectirá as delimitacións das afeccións derivadas da lexislación sectorial que inciden sobre o territorio e incluírá os instrumentos de ordenación do territorio (plans e proxectos

sectoriais de incidencia supramunicipal). Na mesma liña, identificará a totalidade dos asentamentos de poboación existentes en Galicia, que son un total de 33.000.

En definitiva, contarase cunha completa diagnose da situación territorial de Galicia, cunha foto precisa do urbanismo de toda a Comunidade Autónoma en 2018, realizado por capas, o que facilitará a consulta específica e, sobre todo, unha constante actualización.

Unha das súas principais finalidades é a definición das áreas do territorio nas cales sexa necesario recadar informe dos diferentes organismos con competencias sectoriais para a realización de calquera actividade que implique a acción urbanística, de tal xeito que contribuirá a dotar de transparencia e axilidade o mecanismo de solicitude de tales informes.

Así mesmo, establecerá unha regulación de carácter xeral dos diferentes usos do solo e da edificación, de acordo coas súas determinacións, a través dunhas ordenanzas tipo, que serán incorporadas nos plans básicos municipais, segundo as características propias de cada concello. Así mesmo, e como referencia, estas ordenanzas tamén poderán ser tomadas en consideración na redaccións dos plans xerais municipais.

O ámbito de aplicación do Plan básico autonómico abrangue a totalidade da Comunidade Autónoma de Galicia: será de directa aplicación nos concellos que carezan de planeamento e terá carácter complementario do planeamento municipal naqueles concellos en que exista, suplindo as posibles indeterminacións e lagoas do planeamento municipal vixente.

O Plan básico autonómico virá substituír as normas complementarias e subsidiarias de planeamento provinciais aprobadas no ano 1991, que ata ese momento seguirán vixentes. O tempo transcorrido desde entón, máis de vinte cinco anos e con tres leis do solo de Galicia de por medio e profundos cambios a prol da conservación efectiva dos espazos non aptos para acoller edificacións alleas á súa natureza, suxiren un novo marco xenérico da regulación urbanística na Comunidade Autónoma que se adapte á realidade actual.

Plans básicos municipais

Así mesmo, o Plan básico autonómico encaixa como un paso intermedio imprescindible para conseguir que cada concello posúa unha ordenación operativa do seu territorio. Así, en desenvolvemento do Plan básico autonómico, elaboraranse os plans básicos municipais para os concellos de menos de 5.000 habitantes que non contén cun instrumento de planeamento xeral.

Estes instrumentos constitúen unha ordenación básica, cuxa formulación, tramitación e aprobación corresponde á Comunidade Autónoma, en colaboración e coa participación dos concellos, e que estará vixente ata que xurdan iniciativas ou razóns determinantes dunha maior complexidade urbanística que aconsellen a formulación dun plan xeral de ordenación municipal polo respectivo municipio.

Deste xeito, dotaranse todos os concellos galegos dun instrumento urbanístico básico que lles permitirá ofrecer unha capacidade de acollida residencial e económica que dea resposta ao desenvolvemento elemental dunha certa actividade urbanística, pero sen establecer criterios de crecemento urbano.

MEDIO AMBIENTE DESTINA 80.000 EUROS ÁS TAREFAS DE ASISTENCIA E RECUPERACIÓN DOS RÉPTILES E MAMÍFEROS VARADOS NO LITORAL GALEGO

- *O Consello da Xunta aproba a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños (CEMMA) que estará vixente ata o 2019*
- *Anualmente varan nas costas galegas unha media de 280 exemplares, moitos deles incluídos na listaxe de especies en réxime de protección especial e no Catálogo español de especies ameazadas*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, aprobou a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños (CEMMA) para a asistencia, recuperación e estudo dos réptiles (tartarugas) e mamíferos mariños varados no litoral da Comunidade Autónoma durante o período 2018 e 2019, que contará cun orzamento de 80.000 euros.

Anualmente varan nas costas de Galicia unha media de 280 exemplares de especies de réptiles e mamíferos mariños, moitas deles incluídos na listaxe de especies en réxime de protección especial e no Catálogo español de especies ameazadas.

Un 10 % dos animais varados son recollidos con vida, o que fai necesario a súa asistencia e rehabilitación inmediata como medida imprescindible para contribuír á súa conservación. Así mesmo, o estudo dos cadáveres do resto de exemplares reporta información base imprescindible para a adopción das medidas axeitadas para poder actuar sobre as causas directas e indirectas de ameaza sobre estas especies.

Durante o primeiro semestre de 2017 vararon nas costas galegas 125 exemplares, dos cales o 95 % foron mamíferos mariños, todos eles pertencentes a diferentes especies de cetáceos, excepto catro lobos mariños cincos e tres lontras, e unha soa tartaruga mariña.

Neste sentido, o convenio autorizado esta mañá fomenta a correcta xestión e atención dos episodios de varamento que ocorren cada ano fronte ás costas galegas. No marco deste convenio, a Consellería de Medio Ambiente encargárase do deseño e supervisión das propostas de accións encamiñadas a prestar asistencia e recuperación das tartarugas e mamíferos mariños, en especial as relativas á reintrodución no medio natural dos exemplares recuperados, obxectivo primordial e fin último destas tarefas de recuperación.

Pola súa parte, a Asociación CEMMA comprométese a comunicar a detección dos episodios de varamentos, ou con risco de varar, que ocorran nas costas de Galicia durante a vixencia do convenio, a prestar a asistencia necesaria aos animais varados vivos destas especies a determinar, de ser factible, a causa de morte no caso dos exemplares varados mortos, mediante os correspondentes exames post mortem e/ou a recollida de mostras necesarias.

Cómpre lembrar que tanto as normativas europea e estatal como a autonómica (Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza) recollen a obriga das autoridades competentes de adoptar as medidas necesarias para garantir a conservación, protección e recuperación das especies de flora e fauna silvestre, tendo en conta especialmente as especies en réxime de protección especial.

A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 2,2 MILLÓNS DE EUROS A UNHA NOVA CONVOCATORIA DAS AXUDAS DO BONO DE ALUGUEIRO SOCIAL

- *A axuda está destinada a colectivos en situación de especial dificultade para afrontar o pagamento do alugueiro e chega aos 200 euros mensuais durante un período máximo de tres anos*
- *Tamén existe unha axuda única de 600 euros para o pagamento dos gastos de contrato ou para atrasos cando permanece na vivenda obxecto do procedemento xudicial de desafiuzamento*
- *Desde a súa creación xa se concederon 467 bonos, dos cales 144 xa se prorrogaron por segundo ou terceiro ano*

A Xunta de Galicia destinará máis de 2,2 millóns de euros á convocatoria para o ano próximo das axudas do bono de alugueiro social, incluído no Plan RehaVIta: Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, que se publicarán proximamente no Diario Oficial de Galicia (DOG). O Consello da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión de hoxe os compromisos de gastos plurianuais deste programa.

O bono de alugueiro social concédese polo prazo de doce meses, prorrogable por outras dous períodos de doce meses cada un, polo que os beneficiarios poden chegar a percibir durante un período máximo de tres anos mentres continúen cumprindo as condicións establecidas para este. Por iso, a convocatoria das axudas inclúe anualidades nos anos 2018, 2019, 2021 e 2021, cun total de 2,25 millóns de euros.

O programa consiste nunha axuda mensual de 150, 175 ou 200 euros mensuais, segundo a localidade onde estea situada a vivenda, destinados ao pagamento do arrendamento. Ademais, o programa contén unha axuda adicional única de 600 euros para os gastos derivados da formalización de novos contratos de alugueiro ou para o pagamento de atrasos no caso de permanecer na vivenda obxecto do procedemento xudicial de desafiuzamento.

Beneficiarios

Poden beneficiarse das axudas do bono de alugueiro social os seguintes colectivos:

- Arrendatarios de vivendas de promoción pública propiedade da Xunta cuxa vixencia do contrato rematase despois da entrada en vigor desta orde.
- As persoas que non dispoñen dos ingresos establecidos para acceder ao Programa de vivendas baleiras, pero que, ao atoparse nunha situación de emerxencia social, son obxecto da adxudicación dunha vivenda, cuxo alugueiro contará coa axuda do bono.

- As persoas que precisen dunha axuda para asumir o custo do arrendamento da súa vivenda por estaren inmersas en situacións de especial dificultade que determinaron a interposición pola persoa arrendadora dunha demanda de desafiuamento por non pagamento das rendas ou que se ditase unha resolución xudicial nun procedemento de similar natureza.
- As vítimas de violencia de xénero con dificultades para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda e que no momento da solicitude se atopen residindo nun centro de acollida dos integrados na Rede galega de acollemento para este colectivo e adscritos a unha Administración pública.
- As unidades de convivencia con dificultades para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda e que fosen privados da súa vivenda habitual por danos sufridos nesta derivados dunha circunstancia imprevisible e sobrevida, tales como incendios, inundacións, etc.

Bonos concedidos

Desde a creación do programa concedéronse 467 bonos de alugueiro social, por un importe de máis de 1,34 millóns de euros. Dese total xa se renovaron por segundo ou terceiro ano 144 bonos, por un importe de máis de 294.000 euros.

Bonos prorrogados

O Goberno galego, ademais do orzamento desta nova convocatoria aprobada hoxe polo Consello da Xunta, contempla un investimento de case 2 millóns de euros para atender aos pagos dos bonos prorrogados nos tres vindeiros exercicios. Así, para 2018 o Executivo autonómico prevé unha partida de 704.000 euros adicionais; para 2019, 720.000 euros; e para 2020, 500.000 euros.

A XUNTA DE GALICIA INVESTIRÁ CASE 273.000 EUROS NA PRIMEIRA FASE DA MELLORA DO FIRME DA ESTRADA ENTRE A VEIGA E SEOANE, NO TREITO ATA A MARELA

- *A renovación do firme desta estrada local que conecta A Veiga e Seoane desenvolverase en dúas fases. A primeira, ao seu paso pola Veiga, Baños e A Marela; e a segunda, que comprenderá o treito entre A Marela e Seoane*
- *Na primeira fase, que afecta case 3,9 quilómetros, as actuacións consistirán no fresado e retirada do firme deteriorado, renovación do pavimento e formación da nova capa de rodadura e limpeza e reperfilado de cunetas*
- *O Goberno galego, con este tipo de actuacións, ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria e a ordenación do territorio e a súa cohesión, de xeito que se proporciona aos cidadáns unhas estradas seguras e eficaces*

O Consello da Xunta autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda e o Concello da Veiga para executar a 1ª fase das obras de mellora do firme na estrada local que une esta localidade con Seoane, no treito entre A Veiga e A Marela.

A renovación do firme desta vía desenvolverase en dúas fases. A primeira, que abrangue os tramos da Veiga, Baños, A Marela; e unha segunda, que comprenderá o treito entre A Marela e Seoane.


A estrada A Veiga- Seoane ten unha lonxitude de 8,5 quilómetros e unha largura media de 4 metros. A capa de rodadura da vía está deteriorada, polo que estas obras teñen como obxectivo mellorar o estado do firme.

Na primeira fase, entre A Veiga e A Marela, que afecta case 3,9 quilómetros de lonxitude, as actuacións que se van realizar consistirán no fresado e retirada do firme deteriorado, renovación do pavimento, aplicación dun rego de imprimación e formación da nova capa de rodadura. Tamén se levarán a cabo accións de sinalización viaria ou reparación de cunetas.

O Goberno galego, con este tipo de actuacións, ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria da Comunidade e a ordenación do territorio e a súa cohesión, de xeito que se lles proporcionan aos cidadáns unhas estradas eficaces e se fomentan o desenvolvemento económico e social.

A Xunta, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de financiar a actuación coa achega da totalidade do investimento preciso para executar o proxecto.

O Concello da Veiga levará a cabo as actuacións necesarias para a correcta execución das obras e comunicará á Axencia Galega de Infraestruturas a data de recepción dos traballos.



A XUNTA INVESTIRÁ CASE 200.000 EUROS NAS OBRAS DE MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NA TRAVESÍA E NÚCLEO DE PORTO AMIEIRO NA ESTRADA OU-901, AO SEU PASO POLO CONCELLO DE VILAMARÍN

- *Reconstruirase un pequeno treito de beirarrúa que está deteriorado, executaranse vaos rebaixados para mellora da accesibilidade e estenderase unha nova capa de rodadura*
- *Na vía municipal, tamén se prevé a pavimentación, con mestura bituminosa a vías principais, a pavimentación de dúas prazas, a mellora das infraestruturas de servizos e a instalación de mobiliario urbano*
- *O Goberno galego, con este tipo de actuacións, ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria e a ordenación do territorio e a súa cohesión, de xeito que se lles proporcionan aos cidadáns unhas estradas seguras e eficaces*

O Consello da Xunta autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda e o Concello de Vilamarín para levar a cabo as obras de mellora de seguridade viaria na travesía e núcleo de Porto Amieiro na estrada OU-901.

O orzamento de execución destas actuacións ascende a un investimento de case 200.000 euros por parte do Goberno galego.

O Concello de Vilamarín precisa adoptar medidas para a humanización e a mellora da accesibilidade dos peóns no núcleo de Porto Amieiro, na traza antiga da estrada OU-901 e nas rúas da súa contorna, e solicitou a colaboración da Xunta para a urbanización destas vías.

A estrada OU-901 (Ribadavia -límite provincia -Ponte Barxas) xa fora acondicionada pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda mediante unha obra rematada en 2010, na que se investiron preto de 7,2M€ e, na actualidade, conta con plataforma de máis de 10 metros.

Grazas a este acordo, no treito mencionado reconstruirase un pequeno treito de beirarrúa que está deteriorado, executaranse vaos rebaixados para mellora da accesibilidade e estenderase unha nova capa de rodadura, ademais da instalación de sumidoiros para mellorar a drenaxe e a instalación de mobiliario urbano.

Por outra parte, na vía municipal tamén se prevé a pavimentación, con mestura bituminosa, das vías principais, a pavimentación de dúas prazas, a mellora das infraestruturas de servizos e a instalación de mobiliario urbano.


A Consellería de Infraestruturas e Vivenda ten entre os seus obxectivos mellor a rede viaria de Galicia, a ordenación do territorio e a súa cohesión, de xeito que se lles proporcione ás persoas usuarias unha rede eficaz, cómoda e segura e fomentar as relacións municipais e intermunicipais na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

Así, o Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica, plan MOVE, contempla entre as súas liñas básicas a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas. Por isto, a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), en colaboración co Concello de Vilamarín, trata de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que achegue unha maior calidade de vida á cidadanía.

As actuacións obxecto deste convenio son complementarias á idea básica da estrutura elemental da calzada e da infraestrutura viaria, polo que se pensou na necesidade dunha actuación en materia de accesibilidade e seguridade viaria neste municipio ourensán.

A Xunta, a través da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, asume o compromiso de financiar a actuación coa achega da totalidade do investimento preciso para executar o proxecto.

Pola súa parte, o Concello de Vilamarín levará a cabo as actuacións necesarias para a correcta execución das obras e comunicará á Axencia Galega de Infraestruturas a data de recepción dos traballos.



EDUCACIÓN APOIARÁ CON MÁIS DE 620.000 EUROS O TRABALLO CIENTÍFICO DE TRES AGRUPACIÓNS ESTRATÉXICAS DO SUG

- *A Consellería e as tres universidades galegas asinarán un convenio de colaboración para blindar o financiamento destas tres estruturas de investigación ata que se resolva a convocatoria prevista para 2018*
- *As unidades beneficiarias son CRETUS da Universidade de Santiago, ECOBAS da Universidade de Vigo e CICA-INIBIC da Universidade da Coruña*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as tres universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) asinarán un convenio de colaboración para apoiar o traballo científico de tres agrupacións estratéxicas e blindar o seu financiamento o ano que vén cun orzamento total de 624.999 euros. O Consello da Xunta autorizou este convenio, que entrará en vigor no momento da súa sinatura (sen prexuízo de que se poidan atender accións realizadas desde o 1 de decembro de 2017) e finalizará o 30 de setembro de 2018.

A través desta cooperación, a Xunta de Galicia demostra o compromiso coa investigación universitaria de referencia e, en particular, co traballo que desenvolven as agrupacións estratéxicas do SUG, estruturas científicas que agrupan a varios grupos de investigación. Cómpre destacar que esta acción nace para darlle continuidade á convocatoria realizada no ano 2015, dirixida a fomentar a creación dun contorno adecuado e atractivo para o desenvolvemento da actividade científica do sistema galego.

Ao abeiro desta convocatoria, recoñecéronse catro agrupacións estratéxicas: CRETUS (anteriormente coñecida como CITA) e AEFIS da Universidade de Santiago, ECOBAS da Universidade de Vigo e CICA-INIBIC da Universidade da Coruña. As catro recibiron 500.000 euros cada unha desde 2015 ata este mesmo ano. A dita convocatoria establecía que, ao rematar a terceira anualidade, se realizaría unha avaliación final. Neste sentido, estableceuse que as agrupacións que obtiveran 70 ou máis puntos poderían optar a acceder a un financiamento complementario mediante convenio. Precisamente, as catro agrupacións estratéxicas acadaron os 70 puntos.

En consecuencia, e co obxectivo de garantir un financiamento estable ata a vindeira convocatoria de concorrencia competitiva do ano que vén –que está previsto resolver antes do 30 de setembro de 2018–, a Consellería de Educación e as tres universidades do SUG asinarán este convenio con orzamento complementario.

Actividade investigadora garantida

En concreto, as unidades beneficiadas son CRETUS, ECOBAS e CICA-INIBIC, e cada unha delas recibirá unha axuda total de 208.333 euros. Pola súa banda, AEFIS, malia

cumprir cos requisitos, non se adheriu ao convenio porque actualmente está nun proceso de reforma estrutural. Cómpre lembrar que a axuda recoñecida no acordo rematará coa resolución da convocatoria, que se publicará no ano 2018 e á cal se poderán presentar.

Deste xeito, a Consellería garante a continuidade da actividade investigadora das agrupacións sufragando o custo de contratación de persoal investigador ou auxiliar, os gastos en equipamento inventariable e material funxible, investigadores visitantes ou a organización de actividades de difusión, entre outros.

Eixes fundamentais de desenvolvemento científico

O obxectivo último pasa por blindar o traballo científico destas estruturas de investigación supragrupais, tendo en conta que son eixes fundamentais de desenvolvemento da investigación universitaria en Galicia, complementariamente cos cinco centros singulares e as dúas agrupacións estratéxicas consolidadas, recoñecidas no ano 2016.

CRETUS, investigación en tecnoloxías ambientais

A Agrupación Estratéxica de Investigación en Tecnoloxías Ambientais da Universidade de Santiago está coordinada polo investigador Juan Lema Rodicio, catedrático do Departamento de Enxeñaría Química da USC. Composta por oito grupos da USC que desenvolven a súa actividade nas facultades de Bioloxía, Física, Psicoloxía, Química, no Instituto de Investigacións Tecnolóxicas e na Escola Superior de Enxeñaría, pretende consolidar un centro de investigación que sexa referencia no desenvolvemento e avaliación de tecnoloxías ambientais sustentables que permitan minimizar impactos e riscos, así como recuperar recursos en procesos que sexan económica, social e ambientalmente sustentables.

ECOBAS, especializada en economía e empresa

Na Universidade de Vigo, a agrupación Economics and Business Administration for Society (ECOBAS) está coordinada polo investigador Carlos Hervés Beloso (catedrático da Uvigo) e constituída por once grupos da dita universidade e un da UDC. O seu obxectivo é unificar e consolidar a colaboración entre grupos de investigación de referencia no ámbito da economía e a empresa para maximizar o impacto académico, económico e social das súas actividades de I+D+I, consolidando un polo de excelencia con capacidade de asumir novos retos dun xeito multidisciplinar e colaborativo.

CICA-INIBIC, unión de ciencias

Coordinada polo investigador Jaime Rodríguez González, profesor titular da Facultade de Ciencias, a CICA-INIBIC (UDC) agrupa as capacidades do Centro de Investigacións Avanzadas (CICA) e do Instituto de Investigación Biomédica da Coruña (INIBIC). A

posta en marcha desta agrupación constitúe unha aposta pola creación dun polo de investigación que poña en valor a ciencia básica en química, bioloxía e medicina a as súas aplicacións nos campos de novos materiais, a biotecnoloxía, o medio ambiente e a biomedicina.

A XUNTA RENOVA A COLABORACIÓN COS ORGANISMOS ASOCIADOS PARA MANTER ACTUALIZADO O PORTAL XURÍDICO GALEGO

- ***O Consello da Xunta deu luz verde á sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración polo que se creou este recurso, no cal participan o Goberno autonómico, o Parlamento de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela***

O Portal xurídico galego e base de datos de lexislación galega consolidada manterase vivo e actualizado ao abeiro da addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Xunta de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela e o Parlamento de Galicia cuxa sinatura autorizou hoxe o Consello do Goberno galego na súa reunión semanal. Cómpre lembrar que esta ferramenta naceu a finais de 2016 e é o primeiro recurso que recolle a totalidade da lexislación galega consolidada e comentada, desde a preautonomía á actualidade, e que ademais a ofrece en modo consolidado e en galego, unha posibilidade de acceso que ata este momento era case inexistente para o dereito propio desta comunidade.

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) fará unha achega de 7.000 euros para contribuír a manter actualizado este portal. Deste xeito, ofrécese á cidadanía un recurso antes inexistente, tanto no que atinxe á posibilidade de consultar a información na lingua propia de Galicia como á propia compilación de materiais que se atopan nesta ferramenta.

Non en balde, no enderezo web *Lex.gal* pode atoparse a totalidade da lexislación galega consolidada e comentada, ademais de gran parte dos decretos do Executivo galego e unha cantidade importante das ordes das consellerías. A web serve, así mesmo, como punto de acceso a distintos recursos xurídicos, preferentemente en lingua galega, xa dispoñibles na actualidade pero dispersos. Deste xeito, será a porta de entrada tanto a publicacións oficiais (Diario Oficial de Galicia, Boletín Oficial del Estado, boletíns provinciais, etc.), como a páxinas de diversas institucións que producen información xurídica de relevancia.

Para facilitar o acceso ao contido dispoñible, o portal incorpora un sistema de buscas, tanto nos distintos campos de cada norma como no seu propio texto, de tal forma que o usuario poida atopar a que máis se axusta á súa consulta. Ademais, as normas aparecen codificadas de xeito sistemático por grandes bloques de materias, o que permite o acceso rápido ao conxunto delas nun determinado eido.

A páxina web ofrece tamén un bloque de novidades na que se irán publicando novas de interese relacionadas co dereito de Galicia, tanto lexislativas como xuriprudenciais,

informes, etc, que é útil para manter unha actualización permanente sobre o dereito propio.

Con este tipo de iniciativas favorécese a presenza da lingua propia de Galicia en todos os ámbitos da sociedade e facilítanselle á cidadanía recursos con que se desenvolver en plenitude en galego.

SANIDADE E O INSTITUTO DE SAÚDE CARLOS III PRORROGAN O CONVENIO SOBRE EPIDEMIOLOXÍA MOLECULAR DO VIH EN GALICIA

- *Esta colaboración continuada desde o ano 2000 permite coñecer e facer un seguimento sobre as cepas que circulan en Galicia*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a prórroga para o ano 2018 do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Instituto de Saúde Carlos III para a realización en Galicia dun estudo sobre epidemioloxía molecular da infección por VIH. Para o financiamento deste convenio está previsto un orzamento de 23.500 euros.

Sanidade e o Instituto de Saúde Carlos III veñen mantendo acordos de colaboración nesta materia dende o ano 2000 con excelentes resultados que se traducen nunha asistencia sanitaria máis efectiva e eficiente. Ademais, o convenio enmárcase nas actuacións do Plan galego anti VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual (ITS).

O convenio permite coñecer e facer un seguimento sobre as cepas que circulan na nosa Comunidade e permitiu que Galicia teña actualmente unha poboación estudada de referencia a nivel mundial. A información obtida achega beneficios a nivel individual e colectivo. A nivel individual, todas as persoas que sexan diagnosticadas de infección polo VIH van verse beneficiadas deste estudo, xa que axudará a determinar o tratamento antirretroviral máis efectivo e eficiente, o que redundará nunha mellor calidade de vida e unha maior esperanza de vida. A nivel colectivo, reduce os custos da asistencia sociosanitaria das persoas infectadas polo VIH e mellora a vixilancia epidemiolóxica para o control da epidemia na nosa comunidade autónoma.

Desde o campo da saúde pública é de grande interese realizar a vixilancia epidemiolóxica das cepas causantes das novas infeccións en Galicia, así como obter información sobre grupos poboacionais entre os cales se estean a transmitir variantes virais con maior rapidez, por se é necesario reforzar ou implementar medidas preventivas para o seu control.

Obxectivos xerais

A finalidade deste convenio de colaboración é establecer, para o ano 2018, as relacións entre as partes para a realización dun estudo de investigación sobre epidemioloxía molecular do VIH-1 en Galicia co obxectivo de coñecer a circulación de formas xenéticas e clústers de transmisión (agrupacións de casos coa mesma cepa de virus), así como as súas asociacións epidemiolóxicas e dinámica de expansión.

En concreto, preténdese determinar a circulación de formas xenéticas (subtipos e formas recombinantes) e de clústers de transmisión do VIH-1, así como as

características biolóxicas dos virus implicados nos clústers, para o cal se analizará unha mostra epidemioloxicamente representativa de pacientes infectados, tanto tratados como non tratados, así como todos os casos de novo diagnóstico, e estudar as resistencias destes virus aos antirretrovirais existentes e a súa evolución no territorio e no tempo.

A XUNTA DE GALICIA CONSOLIDA O APOIO ÁS FAMILIAS E AMPLÍA A TARXETA BENVIDA ATA OS 3 ANOS PARA AS RENDAS INFERIORES A 22.000 EUROS

- *A medida esténdese ata que o neno ou nena cumpra 3 anos para aquelas familias cuxa renda anual sexa igual ou inferior a 22.000 euros, para o cal se aproba un gasto plurianual de 35,9 millóns de euros distribuídos entre os exercicios 2018 e 2021*
- *A axuda está destinada a contribuír a sufragar os gastos que supón o nacemento dun fillo ou filla derivados da adquisición de produtos básicos como leite e outros alimentos infantís, cueiros, roupa, berces, artigos de paseo e de viaxe, produtos de hixiene infantil ou produtos farmacéuticos*

A Xunta de Galicia consolida o apoio económico ás familias a través da Tarxeta Benvida e estende esta ata que o neno ou nena cumpra tres anos para aquelas familias cuxa renda anual sexa igual ou inferior aos 22.000 euros. Así o aprobou o Consello da Xunta na reunión desta mañá na cal se autorizou un gasto plurianual de case 36 millóns de euros entre os anos 2018 e 2021 para regular a concesión desta achega económica destinada a contribuír a sufragar os gastos que supón o nacemento dun fillo ou filla.

Con carácter xeral, a contía total da axuda será de 1.200 euros a razón de 100 euros ao mes durante o primeiro ano de vida do fillo ou filla, que se ingresará nun ou dous pagamentos anuais coa contía que corresponda ata o mes de decembro do exercicio en curso en función do mes de nacemento ou, de ser o caso, do ditado da resolución de adopción ou garda con fins adoptivos. Terán dereito a esta tarxeta aquelas familias cuxa renda anual non supere os 45.000 euros ou, nos casos en que si se supera esta cifra, cando a renda per cápita non sexa superior aos 13.500 euros ao ano.

Así mesmo, para aquelas familias con renda anual igual ou inferior a 22.000 euros, a axuda ampliarase no segundo ano de vida e ata que o neno ou nena cumpra tres anos, nas seguintes contías: 600 euros anuais, a razón de 50 euros ao mes, se o fillo ou filla que dá dereito á axuda é o primeiro; 1.200 euros anuais, a razón de 100 euros ao mes, se o fillo ou filla que dá dereito á axuda é o segundo; e 2.400 euros anuais, a razón de 200 euros ao mes, se o fillo ou filla que dá dereito á axuda é o terceiro ou sucesivos. Nestes casos, as achegas faranse efectivas en pagamentos anuais sucesivos.

Recóllese ademais, como novidade, a consideración das especiais circunstancias dos galegos e galegas que, residindo no exterior, decidan volver a Galicia no ano 2018, para que poidan optar á axuda. Así, se o fillo ou filla nace antes do retorno, disporán dun prazo de dous meses desde o seu regreso para solicitaren a axuda, fronte ao prazo

xeral de dous meses desde o nacemento ou ditado da resolución de adopción ou garda con fins adoptivos.

A Tarxeta Benvida está destinada a atender os gastos que supón o nacemento, derivados da adquisición de produtos básicos para o neno ou nena como leite e outros alimentos, cueiros, roupa, berces, artigos de paseo e de viaxe, produtos de hixiene ou farmacéuticos. Deste xeito, a tarxeta pode usarse en establecementos de puericultura ou especializados en artigos e produtos para a infancia, así como nas farmacias, parafarmacias, supermercados e tendas de alimentación. Estímase que a percibirán 8 de cada 10 familias galegas e que se beneficiarán aproximadamente 15.000 nenos e nenas, dos cales arredor de 9.000 a recibirán ata que cumpran os tres anos naqueles casos en que a renda familiar sexa inferior a 22.000 euros.

Orzamento e beneficiarios

A consolidación e ampliación da Tarxeta Benvida supón un gasto total de 35.957.576 euros distribuído en catro anualidades, dos cales 9 millóns de euros corresponden ao exercicio 2018; 13.843.676 euros ao 2019; 8.742.600 euros ao 2020 e 4.371.300 euros ao exercicio 2021.

Este é o terceiro ano que o Goberno galego convoca esta axuda, que forma parte do Programa de apoio á natalidade (PAN Galicia), unha proposta global que persegue dar resposta ás necesidades das nais e dos pais galegos, garantir o benestar das familias e apoiolas de xeito integral e continuo desde o primeiro momento.

Os datos de familias beneficiarias da Tarxeta Benvida nos seus dous primeiros anos de existencia son de 14.878 usuarios e usuarias en 2016 e de 12.291 neste 2017. Esta última cifra incrementárase ata chegar a un volume similar ao de 2016, tendo en conta que os pais e nais teñen un prazo de dous meses desde o nacemento para solicitar a axuda, polo que se presentarán novas solicitudes ata finais de febreiro de 2018.

O obxectivo do Executivo autonómico é converter Galicia nun referente de servizos de apoio á familia e á infancia. De feito, ao abeiro do PAN, as familias poden acollerse a toda unha serie de vantaxes, entre outras deducións fiscais por nacemento ou adopción de fillos ou fillas, a prestación de pagamento único por fillos e fillas menores de 3 anos, a exención de pagamento nas escolas infantís para o segundo fillo ou filla que acuda ao mesmo centro daquelas familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 7.500 euros anuais e aos menores en situación de acollemento familiar, e, de cara ao vindeiro curso escolar, está previsto aplicar unha bonificación nas escolas infantís do 25% para o segundo fillo ou filla e do 50% nos sucesivos fillos ou fillas.

Ademais, a Xunta está a impulsar unha ampla rede de recursos de conciliación e atención á infancia, con máis prazas públicas ou financiadas con recursos públicos en

escolas infantís de 0 a 3 anos, a apertura de escolas infantís en polígonos industriais, a posta en marcha de casas niño nos concellos rurais ou os programas Bono coidado e Bono concilia.

Na actualidade, Galicia ten unha ratio de cobertura superior ao 40% en prazas en escolas infantís para nenos e nenas de 0 a 3 anos e superan en 7 puntos a ratio aconsellada pola Unión Europea.

A XUNTA DESTINARÁ 16M€ EN 2018 A FACILITAR O INICIO DA ACTIVIDADE A MÁIS DE 4.000 AUTÓNOMOS E A CONTRATACIÓN EN 190 EMPRESAS

- *O Goberno galego publicará este mes no DOG as axudas do próximo ano para impulsar o emprego autónomo e para contratar de forma indefinida ao primeiro, segundo e terceiro traballador*
- *Financiarase con 2.000 euros o establecemento como autónomo e duplícase esta contía ata os 4.000 euros para os menores de 30 anos e, como novidade, tamén para os parados de longa duración e as persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social*
- *Nos dous programas os apoios aumentarán nun 25% para as mulleres, emigrantes retornados, maiores de 45 anos ou para as empresas instaladas no rural. Poderán chegar así aos 8.000 euros para o inicio de actividade e aos 14.000 para a contratación indefinida*
- *Esta actuación forma parte da Estratexia autónomo 2020 que en 2018 volverá contar con 40 millóns de euros para apoiar 10.000 traballadores por conta propia*

O Goberno autonómico investirá o próximo ano máis de 16 millóns de euros en dous programas dirixidos a autónomos: axudas por valor de 14,6 millóns para impulsar o inicio da actividade, coas cales se prevé beneficiar 4.100 autónomos; e as destinadas a favorecer a contratación indefinida de traballadores en 190 empresas de autónomos, para as cales se dedican 1,35 millóns.

Os incentivos para a promoción do emprego autónomo teñen por obxectivo facilitar e axilizar a posta en marcha de novas iniciativas empresariais. Para iso, a Consellería de Economía, Emprego e Industria apoiará cada autónomo con 2.000 euros, unha cantidade que se duplicará ata os 4.000 euros para os menores de 30 anos, os parados de longa duración e as persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social. Estas contías, segundo sexa o caso, incrementaranse nun 25% para as mulleres, emigrantes retornados, maiores de 45 anos ou no caso de que a empresa estea instalada no rural. Deste xeito, as axudas neste programa oscilarán entre os 2.000 e 8.000 euros.

Financiaranse as altas na Seguridade Social ou en mutualidade do colexio profesional que se formalicen entre o 1 de outubro de 2017 e o 30 de setembro de 2018, ambos inclusive.

O segundo dos programas está destinado a apoiar a contratación indefinida do primeiro, segundo e terceiro traballador en empresas de traballadores por conta propia. Para a primeira contratación, concederanse axudas de 3.000 euros, cando se trate dunha persoa sen emprego, que aumentará ata os 5.000 euros para parados de longa duración e persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social. No caso do

segundo e terceiro traballador, a contía será de 5.000 euros para os desempregados en xeral, que se incrementará ata os 7.000 euros para os mesmos colectivos -parados de longa duración e persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social-.

En todos os casos, ao igual que no primeiro dos programas, as axudas aumentarán nun 25% para as mulleres, emigrantes retornados, maiores de 45 anos e no caso de que a compañía estea instalada nun concello do rural. Deste xeito, os apoios oscilarán entre os 3.000 e 14.000 euros.

A principal novidade dos dous programas, dos cales se informaron hoxe no Consello da Xunta, é o establecemento dunha maior contía nas axudas tanto para os parados de longa duración como para as persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social.

En xeral, son axudas para impulsar o autoemprego en Galicia e apoiar a súa consolidación, propiciando a creación de empresas e, polo tanto, mellorando a economía e reducindo as cifras de desemprego. A realidade socioeconómica actual pon de relevo que non só é importante dinamizar e tratar de que se cree o maior número de firmas posibles, senón tamén deseñar os mecanismos necesarios para que as empresas creadas poidan sobrevivir, crecer e ampliar os seus mercados. O autoemprego, ademais, constitúe unha vía eficaz para facilitar a incorporación ou reincorporación ao mercado de traballo das persoas desempregadas.

Estratexia Autónomo 2020

Neste marco, e co obxectivo de favorecer a creación de novos empregos estables, a inserción laboral dos desempregados e de contribuír ao desenvolvemento e crecemento das pequenas empresas, a Xunta deseña estes dous programas, que forman parte da Estratexia Autónomo 2020, a folia de ruta do Goberno galego para impulsar e consolidar o traballo por conta propia de 10.000 autónomos ao ano, orientándoo ás novas necesidades do mercado de traballo, como é a Industria 4.0.

Esta planificación contará en 2018, ao igual que en 2017, con 40 millóns de euros para seguir poñendo en marcha as axudas que se impulsaron por primeira vez este ano, como foron o bono autónomo ou a axuda que permite ampliar en 16 semanas a bonificación do Estado para a contratación do traballador que estea cubrindo a baixa por maternidade ou paternidade.

En 2018, ademais, sumaranse novos programas para fomentar o cambio xeracional e para facilitar unha segunda oportunidade co fin de apoiar aos autónomos no inicio dunha nova actividade ou reemprender. O obxectivo final é que Galicia siga sendo unha terra de oportunidades e o mellor lugar para emprender.

A XUNTA ACHEGA 17,5 MILLÓNS DE EUROS EN DOUS ANOS AOS 24 GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL PARA DINAMIZAR O AGRO GALEGO

- *O Consello do Goberno galego avaliou hoxe un informe de Medio Rural sobre esta medida Leader, que conta cun orzamento total de 84 millóns de euros para o período 2014-2020*
- *Os proxectos que reciben apoio por esta vía son de carácter produtivo, para fomentar diferentes ramas de actividade, e non produtivo, de tipo social, cultural ou turístico*
- *Os principais obxectivos do Leader son a creación e mantemento de emprego no rural e a mellora da calidade de vida da súa poboación*

A Consellería do Medio Rural destinará algo máis de 17,5 millóns de euros no bienio 2018-2019 a financiar diferentes iniciativas para dinamizar o agro galego dentro da medida Leader. Estes fondos distribuiranse entre os 24 grupos de desenvolvemento rural (GDR) repartidos polo territorio da Comunidade, que son os encargados de aprobar e apoiar os proxectos tanto de carácter produtivo como non produtivo. Así se pon de manifesto nun informe avaliado hoxe polo Consello do Goberno galego.

Entre as iniciativas que adoitan recibir apoio no marco do Leader, atópanse aquelas relacionadas coa fabricación de produtos e servizos para as explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais. Tamén, dentro dos proxectos produtivos, os hai que fomentan determinadas ramas de actividade, como talleres industriais ou de fabricación de maquinaria. En canto ás accións non produtivas, destacan os centros de día ou as relacionadas coa posta en valor do patrimonio cultural ou o turismo.

A asignación total da medida Leader para o período 2014-2020 é de 84 millóns de euros. Os seus principais obxectivos pasan por mellorar as condicións para crear e manter emprego no medio rural e dotar de servizos a poboación destas zonas, favorecendo a mellora do seu nivel de vida, a inclusión social e a redución da pobreza. Trátase tamén de favorecer a ocupación sustentable do territorio, prestando atención especial aos colectivos máis desfavorecidos, como as mulleres, os mozos, as persoas con discapacidade ou as persoas maiores.

Outros fins que se perseguen son os de garantir a sustentabilidade da actividade no rural, mediante o coidado e a utilización adecuada dos recursos naturais, potenciar a gobernanza local e a animación social do territorio e contribuír á concienciación e adaptación ante o cambio climático, fomentando o uso de enerxías renovables e a mellora da eficiencia enerxética.

Participación

O programa Leader persegue un desenvolvemento rural baseado na participación da poboación do territorio, integrando nel todos os recursos e actores económicos e humanos existentes. Para asegurar esa participación da sociedade rural créanse en Galicia 24 GDR, con socios públicos e privados, que seleccionan os proxectos que lles permiten desenvolver as súas estratexias de desenvolvemento rural. Estes grupos son o elemento básico da metodoloxía Leader de abaixo cara arriba, coas súas estratexias que definen no ámbito rural e determinan as liñas concretas de aplicación das axudas e os proxectos para financiar.